



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS E O CONCELLO DE OURENSE PARA A COLABORACIÓN NA X EDICIÓN DO FESTIVAL INTERNACIONAL DE MÚSICA DE OURENSE PÓRTICO DO PARAÍSO

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O *director da Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic)* **DECLARA:**

Que a *Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic)* formalizou co **Concello de Ourense** o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o **23 de febreiro de 2017 ata o 10 de xullo de 2017**.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

O obxecto deste convenio é a colaboración no desenvolvemento da X edición do Festival Internacional de Música de Ourense "Pórtico do Paraíso", que se desenvolverá do 3 ao 12 de marzo de 2017 en espazos emblemáticos da cidade ourensá, ofrecendo un programa de concertos de formacións de cámara de excelente calidade que se complementan con outras actividades como conferencias e encontros.

Que o instrumento convencional fundaméntase no seguinte:

O Concello de Ourense, dende a súa área de Cultura, organiza, como unha importante cita anual no eido musical, o Festival Internacional de Música de Ourense "Pórtico do Paraíso", un dos eventos culturais máis importantes da cidade de Ourense que, ano tras ano, se vai consolidando como unha excelente plataforma para o coñecemento entre o público galego de propostas musicais de éxito, conseguindo que a cidade ourensá se faga un oco dentro da música culta, superando incluso as fronteiras galegas e despertando o interese non só dos melómanos senon tamén do público en xeral, que grazas a iniciativas como esta ten a oportunidade de escoitar a intérpretes de primeiro nivel.

A Agadic e o Concello consideran esencial o establecemento de accións conxuntas durante 2017 que profundicen na promoción e potenciación do sector musical galego a través da colaboración neste evento, que destaca pola súa firme aposta pola música culta e polo seu continuo esforzo en contar con ampla participación nacional e internacional, esforzo que coincide plenamente coa liña de difusión e promoción da industria musical que a Agadic leva a cabo, de aí que considere fundamental o apoio, a través da colaboración mutua, a este tipo de iniciativas.





Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela.

